

Mércores, 14 de setembro de 2022

Núm. 176

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTE CALDELAS

##### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*NOTIFICACIÓN DE 5 DE SETEMBRO DE 2022 DE PROCEDIMENTO DE ORDE DE EXECUCIÓN (EXP. 1535-2022) RELATIVO Á XESTION DA BIOMASA.*

#### ANUNCIO

*Anuncio de notificación de 5 de Setembro de 2022 de procedemento Orde de Execución (Exp. 1535-2022) relativo á Xestión da Biomasa.*

De conformidade cos artigos 44 e 46.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tentada sen efecto a notificación do acto que se indica por causas non imputables á Administración,

Ao non ser posible a práctica da comunicación a que se refire o número 2 do artigo 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, aos titulares das parcelas que se relacionan a continuación, por causas non imputables a esta administración, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise pública a comunicación de xestión da biomasa.

Publícase o presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) para que sirva de notificación á persoa interesada, a cuxo fin se lle comunica que tanto a notificación como o expediente se atopa á súa disposición no Concello de Ponte Caldelas (Avenida de Galicia, 17, 36820 Ponte Caldelas, Pontevedra). Igualmente poderá acceder a través da Sede Electrónica desta entidade.

Considerando que o artigo 22.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece que cando non pudiera determinarse a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas ou resultase infrutuosa a notificación da comunicación efectuarase mediante un anuncio no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia, dos datos catastrais da parcela.

Considerando que o artigo 22.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia posibilita a este concello para a execución subsidiaria en caso de incumprimento dos traballos de xestión de biomasa, repercutindo os custes ás persoas responsables.

Considerando que o artigo 22.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece a obriga das persoas responsables de facilitar os



Mércores, 14 de setembro de 2022

Núm. 176

necesarios accesos ás entidades responsables dos traballos de xestión da biomasa, que non requirirán de ningunha autorización para a execución subsidiaria da xestión da biomasa nas redes de faixas de xestión.

*Acto a notificar:* Orde de Execución (Exp. 1535-2022)

*Interesado:* DESCOÑECIDO

*Ref. Catastral:* 36043A044037800000JG (Polígono 44 – Parcela 3780)

*Plazo:* 15 días naturais

Ponte Caldelas, 5 de Setembro de 2022.

Alcalde-Presidente do Concello de Ponte Caldelas, Andrés Díaz Sobral.

